

ACTA NÚM. 7 – DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA VINTE E CATRO DE ABRIL DE 2015.

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **dezasete horas** do día **vinde e catro de abril de 2015**, reúnese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

A S I S T E N:

Don Agustín Hernández Fernández de Rojas, **Alcalde-Presidente.**

CONCELLEIROS/AS:

Grupo Municipal PP:

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.
Don Luís Meijide Rodríguez.
Don José María Rosende Rico.
Dona Marta González Vázquez.
Don Ramón Quiroga Limia.
Don Manuel Martínez Varela.
Dona María José Corral López.
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela.
Dona María Jesús Amparo Sáinz García.
Dona Teresa María Gutiérrez López.
Dona María Ángeles Antón Vilasánchez.
Dona M^a Teresa Cancelo Márquez.

Grupo Municipal PSdeG-PSOE:

Dona Mar Martín García.
Don Benardino Higinio Rama Seoane.
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales
Don Francisco Reyes Santiás.
Don Gonzalo Muíños Sánchez.
Don José A. Baqueiro Canabal.
Dona Rosario Valledor Puente.
Don Álvaro González Álvarez.

Grupo Municipal BNG:

Don Rubén Cela Díaz.
Dona Elvira Cienfuegos López.

Don Rafael Xesús Vilar González.

Dona Inmaculada Viña Carregal, **Interventora do Concello.**

Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, **Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.**

Non asiste a concelleira, Dona M^a de los Ángeles Gómez Bugallo.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das seguintes actas plenarias:

Sesión extraordinaria e urxente do día 19 de marzo de 2015 (núm. 4/15).

Sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2015 (núm. 5/15).

2. Dar conta do informe anual de queixas e suxestións correspondente ao ano 2014.

3. Dar conta de resolucións da Alcaldía, das concellarías delegadas e acordos da Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela.

4. Rogos e preguntas.

5. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos municipais.

Cumpriméntase así:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS SEGUINTE ACTAS PLENARIAS:

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO DÍA 19 DE MARZO DE 2015 (NÚM. 4/15).

SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 27 DE MARZO DE 2015 (NÚM. 5/15).

O Sr. Alcalde-presidente, en cumprimento do disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) e o artigo 63 do Regulamento Orgánico do Pleno da Cidade de Santiago de Compostela, pregunta aos/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación ás actas que se presentan a aprobación.

Non presentándose ningunha observación, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria, o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros aprobar as actas núm. 4/15, correspondente á **sesión extraordinaria e urxente do 19 de marzo**

de 2015 e núm. 5/15, correspondente á sesión plenaria ordinaria do 27 de marzo de 2015.

2. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E SUXESTIÓNS CORRESPONDENTE AO ANO 2014.

Dáse conta ao pleno do informe anual de queixas e suxestións, correspondente ao ano 2014.

3. DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Dáse conta das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas, do 26 de febreiro ao 27 de marzo do presente ano 2015 (núms. 1155 ao 2020).

E así mesmo, tamén se dá conta das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Acta sesión ordinaria do día 6 de marzo de 2015 (Núm. 12).

Acta sesión ordinaria do día 13 de marzo de 2015 (Núm. 13).

Acta sesión extraordinaria urxente do día 13 de marzo de 2015 (Núm. 14).

Acta sesión ordinaria do día 19 de marzo de 2015 (Núm. 15).

Acta sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2015 (Núm. 16).

4. ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTA DO BNG.-

1.- Rexistro de entrada do día 13 de abril de 2015, núm. 68, para a súa resposta por escrito, diante do especial sobre a situación do rural publicada os días 27 e 28 de marzo na Voz de Galicia.

PREGUNTA DO PSdeG-PSOE.-

1.- Rexistro de entrada do día 13 de abril de 2015, núm. 69, para a súa resposta por escrito, en relación aos incentivos de xubilación.

5. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS MUNICIPAIS.

As mocións presentadas polos grupos municipais son as que a continuación se transcriben:

MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PSdeG-PSOE:

1.- Rexistro de entrada do día 20 de abril de 2015, núm. 73, para rexeitar que o goberno do Estado modifique o artigo 13.4 da Lei Orgánica de saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo (IVE) 2010.

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Santiago, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta **MOCIÓN**, en base a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende que Mariano Rajoy, a finais do pasado mes de setembro, anunciou a retirada da reforma da coñecida como Lei do Aborto, foron moitos os anuncios, tanto por parte do propio presidente do Goberno como dalgúns dos seus ministros, sobre a modificación de certos artigos desta Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE. Finalmente, dun xeito covarde e pola “porta de atrás”, posto que ningún ministro ou ministra asumiu esta decisión política, o Grupo Parlamentario Popular anunciaba a reforma do artigo 13, o referido ás mozas de 16 e 17 anos. Para iso, o PP alega como argumento para xustificar esta decisión unha falsa realidade: a de que as rapazas abortan como método anticonceptivo e que non falan coas súas familias.

Pero non podemos esquecernos de que os datos están aí. Segundo os diferentes informes da Asociación de Clínicas IVE (ACAI), xa coa Lei de 2010 en funcionamento, das mulleres que abortaron nos seus centros, só 1.186 eran menores de anos e, destas, soamente non puideron informar aos seus titores 151. E isto que significa? Pois que só un 10% das mozas de 16 e 17 anos que interromperon voluntariamente o seu embarazo - ou un 0,41 do total de mulleres que o fixeron- non levaron a cabo ese trámite. E a tendencia e porcentaxes son os mesmos se tomamos como referencia os últimos datos coñecidos, tamén facilitados por ACAI, sobre número de abortos efectuados nestas clínicas entre os meses de xaneiro e setembro de 2014.

No caso concreto de Galicia, os datos de 2013 facilitados polo SERGAS seguen a mesma constante: unicamente un 3% do total dos embarazos son de mulleres de 16 e 17 anos, é dicir, 104 os abortos, e se temos en conta que o 10% non informa polas causas especificadas no punto 4 do artigo 13, o cambio da norma afectaría a 10 ou 11 mulleres.

Porque é que, ademais, o Goberno do PP está a manipular a propia Lei; unha lei que respecta o dereito das mulleres mozas a decidir -hai que lembrar que, por poñer uns exemplos, dende os 14 anos as persoas teñen responsabilidade penal e dende os 16 poden emanciparse, traballar ou aceptar ou rexeitar tratamentos médicos-, pero que tamén obriga a informar as súas familias agás que se produzan unha serie de situacións

perfectamente especificadas na propia norma: cando facelo lle pode supoñer "un conflito grave, manifestado no perigo certo de violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, malos tratos, ou se produza unha situación de desarraigamento ou desamparo".

Isto é o que, de forma literal, di o artigo 13 da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE de 2010. Un artigo que, se non o impedimos, será modificado para controlar e tutelar a vida das mulleres, neste caso as máis novas, e o que é máis grave, expoñelas a abortos clandestinos e desprotexelas en situacións de extrema gravidade.

Polo todo o exposto anteriormente, e tendo en conta, ademais, que este debate xa se produciu durante a tramitación parlamentaria da Lei e se pechou cun acordo, o PSdeG considera que este artigo non debe ser modificado.

De feito, pensamos que se queremos previr e evitar que novos e maiores se vexan ante a difícil decisión de interromper voluntariamente o seu embarazo, o que as administracións públicas deben facer é desenvolver a Lei de 2010 e garantir o seu total cumprimento. Porque unha das mellores virtudes que ten esta norma é, precisamente, que garante o dereito á educación e á saúde sexual e só así, cunha educación sexual axeitada e coa mellora no acceso aos métodos anticonceptivos, poderemos previr de forma máis efectiva, especialmente en persoas novas, as infeccións de transmisión sexual, os embarazos non desexados e, en consecuencia, os abortos.

Por todo iso, o Grupo Municipal Socialista presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal os seguintes **ACORDOS**:

- O Concello en pleno rexeita a modificación pretendida polo Goberno do Estado do artigo 13.4 da Lei Orgánica de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE) de 2010, ao supoñer un novo recorte de dereitos das mulleres -neste caso das máis novas-, ademais de deixar totalmente desprotexidas ás mulleres en situación de violencia intrafamiliar, desamparo e desarraigo ou condenalas aos perigosos abortos clandestinos.

- O Concello en pleno insta á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado a desenvolver e aplicar na súa totalidade a Lei Orgánica de Saúde Sexual e Reprodutiva e da Interrupción Voluntaria do Embarazo (IVE) de 2010, con especial fincapé nas competencias respectivas que cada unha das administracións teñen en materia de educación sexual e prevención, cos obxectivos de garantir as interrupcións voluntarias do embarazo en todos os casos e nos prazos que contempla a lei, e de levar a cabo campañas, medidas e accións específicas dirixidas a evitar os embarazos non desexados.

2.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2015, núm. 75, relativa á instalación de semáforos no paso de peóns do Instituto Rosalía de Castro.

Exposición de motivos:

En decembro de 2014, aproveitando as vacacións de Nadal, instaláronse dous semáforos no paso de peóns que hai fronte ao instituto Rosalía de Castro. Temos constancia da non existencia de informes favorables dos técnicos de patrimonio nin ditame favorable da comisión asesora do casco histórico que aprobase esta instalación semafórica nun lugar tan sensible e a carón dunha fachada de 1601. Ademais, un dos semáforos moveuse un metro durante as vacacións de Semana Santa.

En xaneiro rexistramos varias preguntas dirixidas ao pleno para a súa contestación por escrito para saber de que datas eran os informes de tráfico que xustifican a necesidade dos semáforos, que motivaba a redacción dos informes e quen os solicitara, así como por que non foran incluídos na documentación da Xunta de goberno do 7 de novembro de 2014. Tamén preguntamos cantos partes da policía local e en que datas houbera problemas de seguridade neste paso de peóns, cantos atropelos houbera nos últimos 20 anos.

Os semáforos nunca chegaron a funcionar, e rematando o mes de abril comunicannos que ocasionaron problemas reais de seguridade ás persoas que cruzan o paso de peóns - sobre todo ao alumnado do instituto- ante a confusión dos condutores. De momento non ocorreu nada grave, pero sabemos os alumnos do centro levaron máis dun susto.

Por todo iso, propónse ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte **ACORDO**

Ao non existir ningún informe que xustifique a instalación destes semáforos e estaren sen funcionar durante todos estes meses entendemos que a mellor opción é a súa retirada.

MOCIÓN PRESENTADA POLO BNG:

1.- Rexistro de entrada do día 21 de abril de 2015, núm. 74, a prol do mantemento e gratuidade dos rexistros civís.

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción, para o seu debate en Pleno, a prol do mantemento e gratuidade dos rexistros civís.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do PP no Estado español aprobou o pasado ano o Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, que leva aparelado o traspaso dos rexistros civís aos rexistros da propiedade

e mercantís. Desaparece, así, un servizo público que se prestaba gratuitamente á organización rexistral, onde se gravan cun arancel as prestacións realizadas aos usuarios e usuarias. Dese xeito, un servizo até o de agora gratuíto acabará converténdose con case total seguranza en de pago obrigado. A este respecto, cómpre subliñar que o obxectivo do PP no seu modelo de servizos públicos privatizador é que as persoas usuarias sexan as que custeen o servizo, como xa foi introducindo na sanidade ou nos servizos sociais.

O Rexistro Civil é un servizo público e gratuíto que cumpre numerosas funcións, que son indispensábeis para a vida diaria de calquera persoa: inscrición de nacementos, estado civil, cambio de nome ou sexo... Hai trámites sinxelos, mais outros requiren acudir en persoa, o que o converte nun servizo imprescindible. E as persoas usuarias van ser as que precisaren expedir documentos básicos para acreditar a súa situación persoal, uns documentos que, á súa vez, son obrigatorios para cobrar pensión, prestacións de servizos sociais ou axudas públicas. Para alén disto, en moitos casos terán que facer longos e custosos desprazamentos, pois recentemente confirmouse que o Rexistro vai ser asumido unicamente por aqueles que teñen competencias mercantís. O mapa, pois, na Galiza ficaría só con rexistros na Coruña, Santiago, Lugo, Ourense e Pontevedra, fronte á actual presenza dos rexistros civís en todos os concellos galegos.

Despois de ter investido inxentes recursos públicos para a modernización e dixitalización dos rexistros civís, agora póñense en mans privadas, impondo taxas que non ingresarán nas arcas públicas senón nas dos rexistradores/as directamente. E, a maiores, a protección de datos persoais e obrigatorios que contén o Rexistro Civil queda en evidencia ao se poñer en mans de persoal que non ten o carácter de funcionariado público nin o deber de confidencialidade. Por outra parte, é preciso non esquecer a previsíbel perda de postos de traballo de persoal dependente agora do Ministerio de Xustiza.

Por todo o anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG, solicita da Corporación en Pleno, a adopción do seguinte

ACORDO

Expresar o rexeitamento ao Real decreto-lei 8/2014, do 4 de xullo, de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia, instando ao Goberno do Estado español á inmediata derogación deste Real decreto e á paralización do traspaso do Rexistro Civil aos rexistros da propiedade e mercantís.

Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno central que se garanta o servizo público, a atención nos xulgados de paz e a gratuidade futura nas funcións que prestan os rexistros civís.

Dar traslado deste acordo ao Goberno central e á Xunta de Galiza.

O Sr. Alcalde-presidente da paso en primeiro lugar á moción do grupo do PSdeG-PSOE, referida a rexeitar que o goberno do Estado modifique o artigo 13.4 da Lei Orgánica da saúde sexual e reprodutiva e da interrupción voluntaria do embarazo.

Toma a palabra o **Sr. Reyes Santiás, concelleiro voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE.**

Explica que dende que Mariano Rajoy, a finais do pasado mes de setembro, anunciou a retirada da reforma da coñecida como Lei do Aborto, foron moitos os anuncios, tanto por parte do presidente do Goberno como dalgúns dos seus ministros, sobre a modificación de certos artigos desta Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva.

Manifesta que finalmente, dun xeito covarde e pola “porta de atrás”, posto que ningún ministro ou ministra asumiu esta decisión política, o grupo Parlamentario Popular anunciaba a reforma do artigo 13, o referido ás mozas de 16 e 17 anos.

Considera que, o Partido Popular alega como argumento para xustificar esta decisión unha falsa realidade: a de que as rapazas abortan como método anticonceptivo e que non falan coas súas familias.

Dí que non pode esquecerse que os datos están aí. Lembra que segundo os diferentes informes da Asociación de Clínicas interrupción voluntaria do embarazo, xa coa Lei de 2010 en funcionamento, das mulleres que abortaron nos seus centros, só 1.186 eran menores de idade e, destas, soamente non puideron informar aos seus titores 151.

Conclúe que só un 10% das mozas de 16 e 17 anos que interromperon voluntariamente o seu embarazo -ou un 0,41 do total de mulleres que o fixeron- non levaron a cabo ese trámite.

A tendencia e porcentaxes son as mesmas se se toman como referencia os últimos datos coñecidos, tamén facilitados por ACAI, sobre número de abortos efectuados nestas clínicas entre os meses de xaneiro e setembro de 2014.

Tamén di, que no caso concreto de Galicia, os datos de 2013 facilitados polo SERGAS seguen a mesma constante: unicamente un 3% do total dos embarazos son de mulleres de 16 e 17 anos. É dicir, 104 os abortos, e de ter en conta que o 10% non informa polas causas especificadas no punto 4 do artigo 13, o cambio da norma afectaría a 10 ou 11 mulleres.

Considera que o Goberno do Partido Popular está a manipular a propia Lei. Unha lei que respecta o dereito das mulleres mozas a decidir. Lembra que dende os 14 anos as

persoas teñen responsabilidade penal e dende os 16 poden emanciparse, traballar ou aceptar ou rexeitar tratamentos médicos. Sucede que a lei obriga a informar as súas familias agás que se produzan unha serie de situacións perfectamente especificadas na propia norma: cando facelo lle pode supoñer "un conflito grave, manifestado no perigo certo de violencia intrafamiliar, ameazas, coaccións, malos tratos, ou se produza unha situación de desarraigamento ou desamparo”.

Reitera que isto é o que, de forma literal, di o artigo 13 da Lei de Saúde Sexual e Reprodutiva e da IVE de 2010. Un artigo que, se non o impiden, será modificado para controlar e tutelar a vida das mulleres, neste caso as máis novas, e o que é máis grave, expoñelas a abortos clandestinos e desprotexelas en situacións de extrema gravidade.

Polo todo o exposto anteriormente, e tendo en conta, ademais, que este debate xa se produciu durante a tramitación parlamentaria da lei e se pechou cun acordo, o PSdeG considera que este artigo non debe ser modificado.

De feito, pensan que se se quere previr e evitar que novos e maiores se vexan ante a difícil decisión de interromper voluntariamente o seu embarazo, o que as administracións públicas deben facer é desenvolver a Lei de 2010 e garantir o seu total cumprimento. Porque unha das mellores virtudes que ten esta norma é, precisamente, que garante o dereito á educación e á saúde sexual e só así, cunha educación sexual axeitada e coa mellora no acceso aos métodos anticonceptivos, poden previr de forma máis efectiva, especialmente en persoas novas, as infeccións de transmisión sexual, os embarazos non desexados e, en consecuencia, os abortos.

A seguir dá lectura á parte dispositiva da moción.

Trala exposición, o Sr. Alcalde-presidente da paso á **votación sobre a toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 do grupo socialista e 3 do BNG) Votos en contra: 13 do PP Abstencións: 0
--

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción ao no obter o quórum esixido da maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

Toma a palabra a **Sra. González Vázquez, concelleira do grupo municipal do PP** co obxecto de explicar o voto do Partido Popular.

Explica que votaron en contra da urxencia desta moción porque pensan que o grupo parlamentario popular no Congreso dos Deputados, simplemente cumpre co seu compromiso electoral e atende a unha demanda xeneralizada na sociedade deste país, e

mesmo de moitos altos cargos do Partido Socialista, cando a través dunha proposición de Lei Orgánica vai devolver á patria potestade dos pais e nais das menores de 16 e 17 anos, adolescentes; que lembra, non poden votar e nin sequera acudir a unha excursión escolar sen a autorización dos seus proxenitores, ademais nun momento crucial das súas vidas, e de decidir se van adiante cun embarazo ou non.

Non se trata como queren dar a entender de que as menores teñan que seguir adiante co seu embarazo, senón que no momento de tomar a decisión, teñan o respaldo das persoas que mellor lles poden asesorar e atender para tomar a mellor decisión.

Lembra que cando o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, na tramitación da Lei Orgánica 2/2010, incluíu esta disposición retirando a patria potestade aos proxenitores neste caso concreto, a alarma causada na sociedade española foi enorme, e voces importantes do Partido Socialista, como as de José Blanco, Alfonso Guerra, José Bono, Juan Carlos Rodríguez Ibarra ou José M^a Barreda amosáronse publicamente en contra desta decisión.

Conclúe dicindo que o grupo parlamentario popular, polo tanto, simplemente cumpre o seu programa electoral neste punto concreto e resolve unha situación xuridicamente moi complexa. Por iso non consideran a urxencia desta moción, e votan en contra.

O Sr. Alcalde-presidente da paso á segunda moción do grupo do Partido Socialista, relativa á instalación de semáforos no paso de peóns do Instituto Rosalía de Castro.

Toma a palabra Don Álvaro González, **concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE**.

Lembra que en decembro de 2014, aproveitando as vacacións de Nadal, instaláronse dous semáforos no paso de peóns que hai fronte ao instituto Rosalía de Castro. Di que teñen constancia da non existencia de informes favorables dos técnicos de patrimonio, nin do ditame favorable da comisión asesora do casco histórico relativos á instalación nun lugar tan sensible e a carón dunha fachada de principios do século XVII. Ademais, un dos semáforos moveuse un metro durante as vacacións de Semana Santa.

Di que en xaneiro rexistraron varias preguntas dirixidas ao pleno para a súa contestación por escrito para saber de que datas eran os informes de tráfico que xustificaban a necesidade dos semáforos qué motivaba a redacción dos informes e quen os solicitara, así como por que non foran incluídos na documentación da Xunta de Goberno do 7 de novembro de 2014. Tamén preguntaron cantos partes da policía local e en qué datas houbera problemas de seguridade neste paso de peóns, e cantos atropelos houbera nos últimos 20 anos.

Veñen de informarlles xusto antes de empezar o pleno, que houbo un atropelo dende 2004.

Explica que estes semáforos nunca chegaron a funcionar, e rematando o mes de abril comprobaron que veñen creando problemas reais de seguridade para as persoas que cruzan o paso de peóns, sobre todo, para o alumnado do instituto, ante a confusión dos condutores. Instituto ao cal non se lle comentou nada da instalación dos semáforos. De momento non ocorreu nada grave, pero saben por algúns alumnos do centro que xa levaron algún susto.

Lembra que o peor de todo foi a resposta do concelleiro de tráfico o outro día, dicindo que era mellor esperar a que conclúa o curso para poñer en funcionamento os semáforos. Semáforos que levan instalados dende finais do ano pasado.

Explica que de feito o que significa é que este goberno non se atreve a entrar nun conflito co Instituto antes das eleccións, e di que a partir do 24 de maio cando o Partido Socialista volva a gobernar esta cidade, unha das primeiras cousas que fará é retirar estes semáforos.

Remata dicindo que o grupo municipal socialista propón ao Pleno da Corporación que se retiren os semáforos do paso de peóns que hai entre a Alameda e o instituto Rosalía de Castro.

Trala exposición, o Sr. Alcalde-presidente da paso á **votación sobre a toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 do grupo socialista e 3 do BNG) Votos en contra: 13 do PP Abstencións: 0
--

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción ao no obter o quórum esixido da maioría absoluta do numero legal de membros da corporación.

Toma a palabra o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP** co obxecto de explicar o voto do Partido Popular.

Explica que votaron en contra desta moción, porque están a favor da seguridade vial das persoas e particularmente dos alumnos do Instituto. Tamén porque tiveron en consideración o informe técnico, que integra, ademais o parecer histórico e o da policía local.

Votan en contra da urxencia desta moción, porque esta moción pretende sosterse sobre unha serie de fundamentos que son un tanto inconsistentes.

Explica que se toma como referencia o século XVII, e entre o século XVII e o XXI sucederon unhas cantas cousas, entre outras a invención dos vehículos. Henry Ford, que ideou un sistema de produción fordista. Indica que hoxe pasan diante do instituto aproximadamente uns 8000 vehículos diarios, e isto hai que telo en conta.

Explica tamén que o feito de que non sucederan atropelos, non quere dicir, que non exista o risco, pois ese risco o percibe diariamente a policía municipal.

Comenta que aínda que os semáforos poden ser incómodos ás veces, a seguridade vial ten que primar, en todo caso. Di que eles están dispostos a activar a instalación dos semáforos do xeito máis respectuoso, o máis cómodo para o alumnado, e tamén teñen pensado activalo dun xeito progresivo, cun labor pedagóxico por parte da policía local e precisamente, o ano que ven, cando comece o curso.

Verbo do feito do que o semáforo non se levou á Comisión Asesora, opón que tampouco se levou a Comisión Asesora fai uns anos a instalación da gran pantalla dende a que se lanzaban mensaxes propagandísticos do anterior goberno de progreso.

Por último, explica que eles instalan os semáforos pensando nas persoas que padecen, por exemplo, algún tipo de limitación visual, porque aos semáforos se lles pode instalar un avisador acústico. Este ano o fixeron con dez deles, e o que pensan facer é que os semáforos lle dean servizo ás persoas con limitacións visuais, ese é un motivo máis.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro voceiro do grupo municipal do BNG**, para xustificar a posición de voto seu grupo.

Explica que para eles como tamén comentou o señor Brunete, evidentemente, a seguridade viaria é un asunto fundamental, a mobilidade, e dende logo, a mobilidade para o conxunto dos cidadáns e cidadás.

O que lle resulta un pouco sorprendente é que se xustifique a necesidade desta actuación e urxencia, e leven tanto tempo eses semáforos sen estar operativos, cando menos, é un pouco chamativo.

Considera que é evidente, o impacto negativo, cando menos visual e estético, nunha zona especialmente sensible da cidade, como o era tamén, e como segue a ser o cartel anunciante dun parking subterráneo no mesmo entorno, que o seu grupo tamén levou á Comisión de casco histórico.

Considera que este tipo de actuacións, deben estar tremendamente xustificadas, dende unha perspectiva técnica. Refírese as moitas dúbidas sobre a utilidade que plantexan

outra actuación do mesmo estilo que se fixo no seu día, da colocación duns semáforos no ensanche Compostelán.

O Sr. Alcalde-presidente da paso á seguinte moción do grupo do BNG a prol de manter e gratuidade dos rexistros civís.

Toma a palabra o **Sr. Cela Díaz, concelleiro do grupo municipal do BNG.**

Comenta que esta moción, non pode estar de maior actualidade pois fai tan só unhas horas o ministro Catalá parece que ven de anunciar que posiblemente o Partido Popular acabará recuando nesta decisión de privatizar os Rexistros Civís.

Explica que dende o grupo municipal do BNG, pensan que é importante, o debate da moción literalmente como a teñen plantexada. Di tamén que o Partido Popular plantexou unha emenda que non van aceptar.

Comenta que o que ven a propor basicamente o Partido Popular é a privatización do Rexistro Civil, que é un servizo público, absolutamente básico, trasladando as súas funcións aos Rexistros da Propiedade, e aos Rexistros Mercantís. Di que para eles iso é unha aberración, e non está xustificado baixo ningún punto de vista

Manifesta que o Rexistro Civil é un servizo público básico que en ningún caso pode ter afán recadatorio, e que ten funcións que son absolutamente indispensables, para a vida diaria de toda xente. Clarexa que aí é onde se realizan as inscricións dos nacementos, os cambios no estado civil, o cambio de nome ou de sexo, incluso, cuestións ou atribucións que agora ten en materia de estranxería. Todos eses trámites son personalísimos e moi importantes, e son condición básica para outro tipo de trámites: á hora de xestionar unha pensión, á hora de xestionar determinado tipo de prestacións sociais, ou incluso á hora de plantexar determinado tipo de subvencións.

Polo tanto, di que e un servizo público básico e esencial que non pode ter afán recadatorio. Tampouco está xustificado baixo a premisa de que a súa privatización vaia a resolver o problema do colapso e da lentitude que hai actualmente no sistema xudicial no Estado español.

Apunta que para o grupo municipal do BNG hai varios aspectos que son os especialmente negativos:

A primeira modificación que terá é que haberá que pagar por cousas que antes eran gratuítas. Non existe de momento unha táboa indicativa de cales van ser eses prezos, as estimacións dos propios técnicos dos rexistros civís, falan de empezar a cobrar taxas de dez, doce, quince euros por servizos que ata o de agora eran gratuítos, pero a iso hai que sumarlle unha segunda taxa que é o desprazamento.

Clarexa que actualmente hai rexistro civil en todos e cada un dos concellos do noso país, e polo tanto, calquera veciño ou veciña de calquera concello, para facer calquera tipo de xestión vinculada ao rexistro civil tan só ten que achegarse ao xulgado de paz no seu concello respectivo. Para que se fagan unha idea no Estado español hai un total de 8.122 rexistros civís; pola contra rexistros mercantís hai un centenar deles. É un cambio substancial no caso galego, Lugo, Ourense, Pontevedra, Coruña e Santiago de Compostela como capital de Galicia. Iso evidentemente, vai supor un quebranto, un sobrecusto en desprazamentos e dende logo un prexuízo bastante importante para moitas persoas.

Dí que outro prexuízo é a falta de privacidade. Son datos personalísimos, que a partir de agora van estar en más e da xestión non de servizo estritamente público, senón privatizado.

Por outra parte o Estado español, fixo un investimento moi importante nos últimos anos, na modernización deste servizo. Máis de 128 millóns de euros na dixitalización, na informatización e na modernización dun servizo que é dos que mellor funciona actualmente do sistema xudicial español. Ao respecto di que non ten moito sentido, que despois de facer un investimento dese tipo se acabe privatizando. Algo parecido pasa co persoal, por que hai xestións nalgúns casos, moi sinxelas, outras bastante máis complexas que requiren de persoal preparado e cualificado, e neste momento, como ten manifestado o propio colexio de rexistradores, os rexistradores mercantís non están preparados tecnicamente para acoller ese tipo de tarefas, nin teñen os medios precisos para facelo.

Remata dicindo que por todos eses motivos, o Partido Popular debería dar marcha atrás nesta modificación normativa que ten absolutamente a todo o mundo en contra: á poboación, ao persoal da administración de xustiza e aos propios colexios de rexistradores. Cren que debería ter o mesmo futuro que tiveron as taxas xudiciais, que quede nun caixón para o esquecemento.

Trala exposición, o Sr. Alcalde-presidente dá paso á **votación sobre a toma en consideración da urxencia** da moción co seguinte resultado:

Votos a favor: 11 (8 do grupo socialista e 3 do BNG) Votos en contra: 13 do PP Abstencións: 0
--

Queda rexeitada a toma en consideración da urxencia desta moción ao no obter o quórum esixido da maioría absoluta do numero legal de membros da corporación.

Toma a palabra o **Sr. Sánchez-Brunete Varela, concelleiro do grupo municipal do PP** co obxecto de explicar o voto do Partido Popular.

Explica que á vista de que non se admite a emenda do grupo do partido popular, votan en contra, entre outras cousas, porque non poden admitir o tenor literal da proposta de acordo. Di que no tenor literal da proposta de acordo facíase referencia a un rexeitamento total ao Real Decreto, cando o Real Decreto 8/2014, atinxe a outras cuestións moi distintas á reforma do Rexistro Civil.

Puntualiza que probablemente léronse dous Reais Decretos distintos, porque queda claro que non vai existir privatización de ningún tipo.

Invita a que lean a Disposición Vixésimo Segunda, onde queda garantida a gratuidade do servizo e o carácter público, porque os rexistradores son funcionarios públicos. Queda garantida a empregabilidade dos traballadores. Queda ademais favorecida polo feito da dinamización da propia administración de xustiza. Polo tanto pensa que non leron o mesmo Real Decreto.

Lembra que esta reforma que se está a tramitar, trae causa dunha lei aprobada por consenso de todos os grupos políticos.

E non sendo outro o obxecto da reunión o Sr. Alcalde-presidente deuna por finalizada sendo as dezasete horas e vinte e cinco minutos do día da data, do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario

Asdo.: Agustín Hernández Fernández de Rojas

Asdo.: Francisco Javier Castiñeira Izquierdo